



## IMPRESO SOLICITUDE BOLSA ERASMUS+ CICLOS MEDIOS

Prazo de solicitude: presentando esta  
instancia e a documentación ao correo: [programaseuropeos.iesrodeira@gmail.com](mailto:programaseuropeos.iesrodeira@gmail.com)

### DATOS DO/A CANDIDATO/A

<b>APELIDOS</b>		<b>NOME</b>	
<b>DATA NACEMENTO</b>		<b>DNI</b>	
<b>ENDEREZO</b>			<b>C.POSTAL</b>
<b>LOCALIDADE</b>		<b>CONCELLO</b>	
<b>TELÉFONO MÓVIL</b>		correo-e	

### DATOS ACADÉMICOS

<b>CICLO QUE VOU FINALIZAR</b>											
<b>NIVEL COÑECEMENTO DE IDIOMAS</b> de acordo ao portfolio Europass (A1-C2)											
<b>INGLÉS</b>		<b>FRANCÉS</b>		<b>ALEMÁN</b>		<b>PORTUGUÉS</b>		<b>ITALIANO</b>		<b>OUTROS*</b>	
<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>	<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>	<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>	<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>	<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>	<i>Falado</i>	<i>Escrito</i>

\* *Sinala cales:*

### DOCUMENTACIÓN A ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

<b>1</b>	Fotocopia do DNI
<b>2</b>	Curriculum Vitae (CV) en formato Europass con Foto en Inglés e Portugués
<b>3</b>	Copia da documentación xustificativa dos méritos alegados (idiomas e titulacións de ciclos)
<b>4</b>	Carta de presentación explicativa da idoneidade da túa candidatura e as razóns para realizar a mobilidade

Indica por **orde de preferencia o ESTADO** onde desexas facer as prácticas:

1º Estado:

2º Estado:

3º Estado:

Se cres conveniente facer algún comentario podes indicalo aquí:

Autorizo ao IES de Rodeira ao uso non comercial dos meus datos e das miñas imaxes co obxecto de difundir e dar a coñecer as actividades realizadas dentro da mobilidade Erasmus+ actual.

O abaixo asinante manifesta o seu desexo de participar no Programa ERASMUS+ KA102 (Grao Medio) na convocatoria KA102 en caso de ser seleccionado a través do I.E.S. RODEIRA para realizar a F.C.T. na U.E. e acepta os compromisos establecidos no programa.

En Cangas, a        de        de 20....



## BAREMO DE MÉRITOS BOLSAS GRAO MEDIO

### CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BOLSEIRAS

Establécense os seguintes criterios de baremo; a nota final obterase da suma das puntuacións dos seguintes apartados:

#### 1. Adecuación da titulación e do perfil da ou do bolseiro (30 %)

Valorarase ata un máximo de 2 puntos a motivación, autonomía, madurez, compromiso co programa, habilidades comunicativas (a partir do informe da ou do titor e do equipo didáctico)

• Valorarase a actitude nas clases e a asistencia regular ao ciclo cursado ata un máximo de 1 punto:

— Asistencia a máis do 90 % das clases

lectivas: 0,5 puntos

— Asistencia a menos do 90 % das clases lectivas: 0 puntos

— Ausencia de faltas de conduta: 0,5 puntos

— Existencia dalgunha falta de conduta: 0 puntos

#### 2. Expediente académico (20 %)

Valorarase ata un máximo de 2 puntos, calculando a media aritmética das cualificacións obtidas no ciclo formativo de grao medio dos cursos finalizados:

De 6 a 6,99 (Aprobado): 0,5 puntos

De 7 a 8,99 (Notable): 1 puntos

De 9 a 10 (Sobresaliente): 1,5 puntos

Matrícula de honra 2 puntos

Non se terán en conta as cualificacións validadas.

#### 3. Coñecemento de idiomas (20 %)

##### 3.1 Titulacións no idioma inglés:

Polo certificado oficial da Escola Oficial de Idiomas ou polo equivalente legalmente homologado, ata un máximo de 2 puntos.

A1: 0 puntos; A2: 0,5 puntos; B1: 1 punto; B2:

1,5 puntos; C1 ou C2: 2 puntos

Non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que levaron a adquirir outra de nivel superior.

3.2 Baremo dun segundo idioma: valorarase o coñecemento doutro idioma cun nivel mínimo de A2 e con acreditación dun certificado oficial, do mesmo xeito que para o inglés, ata un máximo de 1 punto: A2: 0,5 puntos B1, B2, C1, C2: 1 punto

\*A puntuación máxima que se pode obter neste apartado é de 2 puntos.

Sen certificado oficial: realización dunha proba de nivel (escrito e oral) puntuábel ata 1 punto.

#### 4. Méritos (10 %)

Valorarase con 0,5 puntos cada título de formación profesional de grao medio diferente ao que lle dea acceso á mobilidade, ata un máximo de 1 punto.

#### 5. Entrevista persoal (20 %)

Habilidades persoais e sociais suficientes para desenvolverse en contornos distintos aos acostumados. Valorarase a acreditación de pertenza a calquera tipo de ONG ou a participación en programas de voluntariado, o interese, a iniciativa etc.

**En caso de empate** os criterios de desempate serán, por esta orde:

— A maior puntuación no expediente

— A maior puntuación na formación en idiomas

En caso de continuar empatados, o desempate determinarase por sorteo

##### **Motivos de exclusión**

O comité de selección do IES de Rodeira pode valorar con 0 puntos algún criterio se o considera oportuno. Ademais, o comité pode denegar directamente o dereito a calquera alumnado que non cumpra os requisitos mínimos para a súa realización por razóns de conduta, comportamento, entorno, motivación, factores educativos, traxectoria, actitude, sancións...